



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/57	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de decembro de 2017
Duración	Desde as 11:06 ata as 11:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 18.12.2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 18 de decembro de 2017.

Expediente 7741/2017. Solicitud de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por P. O. J., na que demanda autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente no lugar do Igrexario, nº 20-O Hío, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 7592/2017. Solicitud de sinal de pasaxe permanente

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente da emisión do correspondente informe da Policía Local.

Expediente 7717/2017. Solicitud de cambio de titularidade e sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por V. M. P. V., en representación da empresa "Todo Jardín Galicia SL", na que demanda autorización municipal para a renovación de sinal de pasaxe permanente nº 279, así como cambio de titularidade deste a nome da empresa "Todo Jardín Galicia SL", a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Concello de Cangas



Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente nº 279 a nome da empresa "Todo Jardín Galicia SL".

Segundo.- Autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 279. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 7706/2017. Solicitud de baixa de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Examinada a solicitude presentada por L. P. R., na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente que ten instalado no lugar da Avda. de Ourense, nº 93-baixo-Coiro, por cese de actividade comercial.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 7499/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7499/17.- A "GAS GALICIA SDG SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB-Vigo, para en rúa Robleda, nº 34, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida de 5,00 metros, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose empraizar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil oitocentos cinco euros con nove céntimos (1.805,09 €), para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advérteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 6595/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 6.595/17.- Outorgar a V. C. P., con enderezo en Urbanización Airiños do Monte, n° 12-Darbo, no lugar de Outeiro-Balea-Darbo, licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar de 111,94 m²., de planta baixa, 47,10 m²., de primeiro andar e 177,84 m²., de demolicións de muros, de conformidade co proxecto básico elaborado pola arquitecta O. S. A., de data de setembro de 2017, condicionada a que antes do comezo das obras presente o proxecto de execución visado, oficios de dirección e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento dez mil cincocentos euros (110.500,00 €).

Acéptaselle a cesión para ampliación do vieiro municipal de 20,71 m²., formalizada en escritura pública de data 7 de decembro de 2017 e a fianza depositada en "Abanca" para responder polas obras de urbanización por importe de cincocentos corenta e dous euros con dezanove céntimos (542,19 €).

Expediente 7606/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7606/2017.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, n° 204-PB-Vigo, para en Baixada á Congorza-



Balea-Darbo, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha rede de baixa tensión soterrada canalización de 22 metros en rúa Fariñeira, nº 5-O Hío, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Unión Fenosa Distribución SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 2579/2017. Corrección de erros de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo tomado na Xunta de Goberno Local realizada en data 27.11.2017, relativo ao expediente nº 2579/2017, no que se concede licenza para legalización dunha piscina de 53,85 m²., e un muro de contención de 25,65 ml., na redación deste faise mención a “*proxecto elaborado polo arquitecto J. R. L., visado o 28 de agosto de 2017*”, debe dicir: “*proxecto elaborado polo arquitecto J. R. L.s, visado o 28 de marzo de 2017*”.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Xunta de Goberno Local acorda rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 2579/2017.- Outorgar licenza a S. S. M., con enderezo na Avda. de Ourense, nº 11-Cangas, para no lugar de Camiño das Furnas-O Cunchido-Darbo, para legalización de unha piscina de 53,85 m²., e un muro de contención de 25,65 ml., segundo o proxecto



elaborado polo arquitecto J. R. L., visado o 28 de marzo de 2017, dando cumprimento ás condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de datas 5 de outubro e 3 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a oito mil cento vinte euros con setenta e nove céntimos (8.120,79 €).

Expediente 7604/2017. Prórroga da licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7604/2017 (EXPEDIENTE N° 25.023.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.108).- Outorgar a A. C. I., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Gregorio Espino, n° 19-1ªA-Vigo, prórroga da licenza de obras n° 24.108, por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Expediente 7576/2017. Dación de conta da vixencia de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7576/2017 (Licenza n° 22.802).- Dase conta do informe da xefa do Servizo de Urbanismo, de data 19 de decembro de 2017, no que se indica que a referida licenza número 22.802, a nome de M. C. S. B. e F. G. C., segue en vigor, ao non terse declarada expresamente a súa caducidade, de conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e ao resultar conforme coa normativa vixente segundo o informe emitido polo arquitecto municipal en data 15 de decembro de 2017.

Expediente 7562/2017. Dación de conta da vixencia de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7562/2017 (Licenza n° 23.839).- Dase conta do informe da xefa do Servizo de Urbanismo, de data 19 de decembro de 2017, no que se indica que a referida licenza número 23.839, a nome de J. M. V. P. e A. I. B. G., segue en vigor, ao non terse declarada expresamente a súa caducidade, de conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e ao resultar conforme coa normativa vixente segundo o informe emitido polo arquitecto municipal en data 15 de decembro de 2017.

Expediente 6664/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 6664/2017 (Expte: 25.905).- A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:



Primeiro.- Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a M. I. F. P. e E. N. con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, nº 80-2ºA-Cangas, respectivamente, para vivenda unifamiliar sita no Palomar, s/n-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 24.781 de data 4 de xullo de 2016, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 15 de decembro de 2017 e o informe da xefa do servizo de 20 de decembro do ano en curso e o informe de estado definitivo das obras de data outubro de 2017 elaborado polos arquitectos R. O. S. e J. A. F. M..

Segundo.- Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval.

Expediente 7638/2017. Licenza de primeira ocupación

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 5705/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5705/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. R. R con enderezo a efectos de notificacións en Balea-Florida, nº 22-Darbo, para cerramento de parcela sita en rúa co Tobal, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data agosto de 2017. O presuposto de execución material ascende a catrocentos euros (400,00 €).

Expediente 7498/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7498/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por B. K. G. S., con enderezo a efectos de notificacións en lugar Camiño Vello San Roque, nº 32 E:5-ático H-Darbo-Cangas para reforma de cuarto de baño e solo de cociña en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 29.11.2017. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil oitenta e oito euros (2.088,00 €).

Expediente 7615/2017. Comunicación previa de obras de demolición

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7615/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. E. R. L., con enderezo a efectos de notificacións en rúa María Berdiales, nº 3-2º esquerda-Vigo, para demolición parcial de muro sito no lugar de Couso-O Hío parcela 261 poligono 15, de



Concello de Cangas

conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto técnico A. A. R. de data decembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a trescentos vinte e nove euros con corenta e cinco céntimos (329,45 €).

Expediente 7058/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7058/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "EL POZO DE LOS TRES DESEOS CB", con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sol, nº 5-baixo-Cangas, para librería e xoguetería infantil con ampliación a talleres e actividades en familia, dinamización e animación cultural, tempo libre e xestión cultural no local sito en Rúa Sol, nº 5, visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 15 de decembro de dous mil dezasete.

Expediente 3330/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3330/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E, S, V., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 16/rúa Lirio, nº 2, para cambio de titularidade de cafetería-bar no local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 16/rúa Lirio, 2, que ata agora rexentaba J. S. C., visto o informe favorable da arquitecta municipal do PEPRI de data 15 de decembro de 2017.

Expediente 6552/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil trescentos oitenta e cinco euros con vinte e dous céntimos (1.385,22 €), ingresada por A. M. M., no expediente nº 21.470, licenza de obra nº 20.844, a favor de A. V. M..

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 6077/2017. Proposta de adxudicación definitiva do contrato administrativo da obra "Nova capa de rodadura na estrada de Vilanova-O Hío"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"Proposta de adxudicación definitiva

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura na estrada de Vilanova–O Hío'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 14.726 do día 19.12.2017) a documentación requirida relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xustificante do pago do anuncio de licitación (cento trinta e nove euros con cincuenta céntimos (139,50 €)), e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil catrocentos setenta e tres euros con noventa e nove céntimos (1.473,99 €) mediante póliza de seguro de caución.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Adxudicar á empresa 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', o contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura na estrada de Vilanova–O Hío', por importe de trinta e cinco mil seiscientos setenta euros con cincuenta e dous céntimos (35.670,52 €) (21% de IVE incluído).*

Segundo.- *O prazo máximo de execución da obra é de 3 meses, contados desde o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra.*

Terceiro.- *Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 454/61902 do vixente orzamento municipal.*

Cuarto.- *Notificar á empresa 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

Quinto.- *Nomear responsable do contrato á aparelladora municipal C. G. C., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.*

Sexto.- *Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.*

Sétimo.- *Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.*

Oitavo.- *Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.*

Noveno.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio*



Xurídico, así como á responsable do contrato."

Expediente 114/2017. C-16/07. Proposta de prórroga de contrato á empresa prestadora de servizos da piscina municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta:

"PRÓRROGA DO CONTRATO A EMPRESA PRESTADORA DE SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL XOAN C. CHILLÓN IGLESIAS, concelleiro de Ensino e Deporte, Concello de Cangas, responsable da xestión de instalacións deportivas municipais,

EXPÓN:

1.- Que en data de 31 de xaneiro de 2018 remata o prazo do actual contrato de prestación dos servizos técnicos para o funcionamento e mantemento da piscina cuberta do Concello de Cangas, responsabilidade que recae na Empresa 'UTE A BALEA', representada por J. R. C. V.

2.- Que na cláusula 3ª do referido contrato se expresa textualmente: 'O prazo de duración do contrato será de DOCE MESES, susceptible dunha prórroga por un periodo de ata outros doce meses'; prórroga que será acordada expresamente pola Xunta de Goberno Local.

3.- Que esta concellaría en reunións mensuais a través dunha comisión mixta de seguimento (Concello - empresa) informa favorablemente o labor desenvolvido na xestión de servizos da nomeada instalación municipal.

SOLICITA:

Que a Xunta de Goberno Local aprrobe a PRÓRROGA DE CONTRATO ADMINISTRATIVO POR UN PERÍODO DE DOCE MESES á empresa 'UTE A BALEA'".

Expediente 3247/2017. C-17/10. A) Proposta de inclusión do ascensor do CEIP da Rúa no contrato de mantemento de ascensores. B) Proposta de inspección ascensores en edificios municipais

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) PROPOSTA DE INCLUSIÓN DO ASCENSOR DO CEIP DA RÚA NO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de inclusión do ascensor do CEIP A Rúa no contrato de mantemento de ascensores, que di o seguinte:

"Visto o contrato de servizo de mantemento de ascensores asinado o día 01.09.2017 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria 'EMBARBA SA' por un período de 2 anos susceptible dunha prórroga de carácter anual.



Visto que o CEIP A Rúa ven de instalar un novo ascensor cuxo servizo de mantemento lle corresponde a este Concello e que urxe poñer en funcionamento.

Examinado o PCAP e o PPT que rexeron a licitación deste servizo e visto o disposto nos artigo 105 e seguintes do TRLCSP; tendo en conta que a inclusión dun novo ascensor non supón adicionar prestacións complementarias, que o contrato seguirá executándose de xeito igual o inicialmente pactado e que o custo do servizo incluído non supera o 10% do prezo de adxudicación do contrato.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Incluir no contrato número 2017-0004 asinado o día 01.09.2017 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria 'EMBARBA SA', o servizo de mantemento do ascensor instalado no CEIP A Rúa (Código ap. 671508 – Carga: 8 – Paradas:2 – Vel.: 1M/SG) por importe mensual de trinta e cinco euros con cincuenta céntimos (35,50 €) máis o IVE (21%); o que fai un total de corenta e dous euros con noventa e cinco céntimos (42,95 €/mes).

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria indicando que o contrato seguirá executándose conforme ao inicialmente pactado e coa mesma duración.

Terceiro.- Notificar este acordo xunto co contrato inicial a 'ORONA SA', empresa instaladora do ascensor do CEIP A Rúa, co fin de que poida tramitar a alta deste no rexistro de ascensores da Consellería de Industria.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

B) PROPOSTA DE INSPECCIÓN DE ASCENSORES INSTALADOS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta que é como segue:

"Visto o contrato de servizo de mantemento de ascensores asinado o día 01.09.2017 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria 'EMBARBA SA' por un período de 2 anos susceptible dunha prórroga de carácter anual.

Visto o escrito presentado por J. M. C. S. en representación de 'EMBARBA SA', no que informa sobre o estado dos ascensores obxecto do contrato a efectos do estado das inspeccións obrigatorias:

	DEPENDENCIA	Nº RAE	DATA OCA	ESTADO
1	Praza de abastos	11180	Outubro 2010	caducada
2	Praza de abastos	11179	Outubro 2010	caducada
3	Casa da Xuventude	15093	Maio 2014	caducada
4	Viveiro de empresas	16183	Maio 2014	caducada
5	Escola Infantil do Hío	17424	Decembro 2014	caducada
6	CEIP Castrillón	16956	Xullo 2014	caducada



Concello de Cangas

7	Casa da Bola	7864	Xuño 2014	caducada
8	Auditorio	11174	Marzo 2016	vixente
9	Escola de Música	11173	Marzo 2016	vixente
10	Casa da Cultura	17094	Xuño 2014	caducada
11	Concello	8369	Marzo 2015	caducada
12	CEIP Nazaret	18447	sen OCA	sen OCA
13	Local de ensaio de Cima de Vila	17356	--	vixente
14	Centro sociocomunitario	18263	Febreiro 2017	vixente
15	Antiga Cámara Agraria	31019	Xuño 2017	vixente

Visto o disposto na cláusula 4ª do PPT relativa ao 'Contido do contrato de mantemento', no que literalmente establece que 'o custo das inspeccións periódicas realizadas polos organismos de control autorizados (OCAs) deberá asumilo o adxudicatario'.

Visto que a empresa adxudicataria na xustificación da súa oferta (nº rexistro 2017-E-RC-8725 do día 20.07.2017) establecía como mellora a contratación das inspeccións técnicas obrigatorias do seguinte xeito:

Inspeccións técnicas obrigatorias

Entre as melloras incluídas no presente contrato, temos que reseñar a contratación das inspeccións técnicas a través dun organismo de control autorizado; estas inspeccións técnicas as contrataría a nosa empresa en caso de resultar adxudicataria. A continuación detallamoslles o gasto previsto pola nosa empresa neste apartado. Para a realización destas inspeccións, a nosa empresa ten subscrito un acordo cun organismo de control, polo que as inspeccións contratadas pola nosa empresa terán un custo de cincuenta e cinco euros (55,00 €) por inspección, tendo en conta o número de instalacións a revisar (15 ascensores) con unha inspección nos 2 anos da duración total do contrato (excluíndo as posibles prórrogas) ao ser de carácter bianual, a suma ascendería a un total de oitocentos vinte e cinco euros (825,00 €)'.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Requirir á empresa adxudicataria 'EMBARBA SA', para que no prazo máximo de un mes proceda a contratar todas as inspeccións técnicas obrigatorias dos ascensores nos que sexa necesario segundo o informe presentado que consta nos antecedentes deste acordo.*

Segundo.- *Notificar este acordo á empresa adxudicataria.*

Terceiro.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención".*

Expediente 4722/2017. Dar conta da resolución de aprobación da conta xustificativa da axuda para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello de Cangas (setembro, outubro e novembro de 2017)

Favorable	Tipo de votación:
------------------	--------------------------

Concello de Cangas



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE CANGAS, SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2017

De conformidade coa documentación que consta no expediente da subvención concedida a este Concello ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello, 2017-2018 e 2018-2019, de conformidade coa cláusula terceira de dito convenio polo que a Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Rúa, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret, mediante unha achega económica de noventa e seis mil cento vinte euros (96.120,00 €), dividida en tres anualidades e importes, ano 2017: quince mil cento vinte euros (15.120,00 €), ano 2018: corenta e oito mil sesenta euros (48.060,00 €) e ano 2019: trinta e dous mil novecentos corenta euros (32.940,00 €), de conformidade coa memoria e informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, E. G. G., correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro de 2017 e coa documentación que consta no expediente:

De conformidade coa certificación da Intervención do gasto contabilizado, aprobado e pagado correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro do 2017.

Esta Alcaldía, RESOLVE:

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a este Concello mediante o convenio de colaboración para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello 2017-2019, correspondente aos meses de SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2017, polo importe total de once mil seiscentos oitenta euros con dezaseis céntimos //11.680,16 €/, * por terse cumprido coa finalidade da axuda concedida * por aplicarse os fondos ao conveniado e * por terse tomado razón na contabilidade de todos os gastos que se xustifican na partida 326-22799-01 do orzamento vixente de conformidade co seguinte desglose:*

- Cumpriuse coa finalidade da subvención.*
- Tomouse razón na contabilidade dos gastos que se xustifican na partida do orzamento vixente e os fondos aplicáronse para tal efecto.*

Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada ascenden a once mil seiscentos oitenta euros con dezaseis céntimos (11.680,16 €), segundo o seguinte desglose:

- Colexio Público de A Rúa: 2.434,54 euros*
- Colexio Público da Espiñeira: 958,59 euros*
- Colexio Público do Hío: 1.764,13 euros.*
- Colexio Público de Nazaret: 6.522,90 euros.*

DON S. C. M., INTERVENTOR MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)



De conformidade coa documentación que consta no expediente da subvención concedida a este Concello ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello, 2017-2018 e 2018-2019, e de conformidade coa cláusula terceira de dito convenio a Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Rúa, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret, mediante unha achega económica de 96.120,00 €, dividida en tres anualidades e importes, ano 2017: 15.120,00 €, ano 2018: 48.060,00 € e ano 2019: 32.940,00 €, de conformidade coa memoria e informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, E. G. G, correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro de 2017 e coa documentación que consta no expediente:

CERTIFICO:

- Cumpriuse coa finalidade da subvención.
- Tomouse razón na contabilidade dos gastos que se xustifican na partida 326-22799 do orzamento vixente e os fondos aplicáronse para tal efecto.

Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada ascenden a 11.680,16 € segundo o seguinte desglose:

- Colexio Público de A Rúa: 2.434,54 euros
- Colexio Público da Espiñeira: 958,59 euros
- Colexio Público do Hío: 1.764,13 euros.
- Colexio Público de Nazaret: 6.522,90 euros.

Preceptor e NIF	Nº factura, data e concepto e colexio	Órgano e data aprobación factura	Importe líquido € aprobado pagado	Pagamento mediante transferencia bancaria e DATA PAGAMENTO
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500002711 31-10-2017 Comidas A Rúa mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	430,20	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	85000002710 31-10-2017 Becados A Rúa mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	84,15	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500002917 13-11-2017 Comidas A Rúa mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.017	793,80	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500002916 13-11-2017 Becados A Rúa	Resolución Alcaldía 20.11.2017	159,89	28-11-2017



Concello de Cangas

COMEDORES B27831783	mes de outubro			
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500003055 30.11.2017 Comidas A Rúa mes de novembro	Resolución Alcaldía 11.12.2017	801,00	11-12-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500003054 30.11.2017 Becadas A Rúa mes de novembro	Resolución Alcaldía 11.12.2017	165,50	11-12-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500002713 31-10-2017 Comidas Espiñeira mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	125,10	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500002712 31-10-2017 Becados Espiñeira mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	84,98	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA, S.L. COMEDORES B27831783	8500002919 13-11-2017 Comidas Espiñeira mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	249,30	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002918 13-11-2107 Becados Espiñeira mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	128,21	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500003057 30-11-2107 Comidas Espiñeira mes de novembro	Resolución Alcaldía 11.12.2017	248,40	11.12.2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500003056 30-11-2107 Becados Espiñeira mes de novembro	Resolución Alcaldía 11.12.2017	122,60	11.12.2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES	8500002707 31-10-2017 Comidas O Hío mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 205,20	28-11-2017

Concello de Cangas



Concello de Cangas

B27831783				
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002706 31-10-2017 Becados O Hío mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 143,72	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002913 13-11-2017 Comidas O Hío mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 383,40	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002912 13-11-2017 Becados O Hío mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 320,10	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500003051 30-11-2017 Comidas O Hío mes de novembro	Resolución Alcaldía 11.12.2017	de 388,80	11.12.2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500003050 30-11-2017 Becados O Hío mes de novembro	Resolución Alcaldía 11.12.2017	de 322,91	11.12.2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002709 31-10-2017 Comidas Nazaret mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 658,80	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002708 31-10-2017 Becas Nazaret mes de setembro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 711,98	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002915 13-11-2017 Comidas Nazaret mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 1.262,70	28-11-2017
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002914 13-11-2017 Becas Nazaret mes de outubro	Resolución Alcaldía 20.11.2017	de 1.293,11	28-11-2017
	8500002915	Resolución	de 1.293,30	11.12.2017

Concello de Cangas



ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	30-11-2017 Comidas Nazaret mes de novembro	Alcaldía 11.12.2017		
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500002915 30-11-2017 Becas Nazaret mes de novembro	Resolución de Alcaldía 11.12.2017	1.303,01	11.12.2017

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este mesmo fin que se xustifica e que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvención de Galicia.

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas está ao corrente coas obrigas tributarias.

Cuarto.- Dar conta de este Resolución na próxima Xunta de Goberno Local que se realice".

Expediente 7500/2017. Dar conta da resolución de aprobación da conta xustificativa da axuda do convenio de colaboración á actuación do vehículo motobomba-2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Ase
ntimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"RESOLUCIÓN

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN Á ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA 2017

Con relación no convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación do vehículo motobomba 6766BSH no 2017.

Consta no expediente acta da comisión de seguimento do convenio de inicio da actividade.

Consta no expediente o informe do responsable do servizo, C. C. P. de data do 04.12.2017, no que fai constar que a operatividade do vehículo conveniado comeza o día 31 de agosto de 2017 e remate o 30 de novembro de 2017 e que os recursos municipais incorporados a dito convenio son, o vehículo MERCEDES UNIMOG con matrícula 6760BSH e que os condutores asignados á operatividade do vehículo no período conveniado son:



Concello de Cangas

- A. R. F.,
- J. F.A.,
- P. C. R.,
- M. R. A.,
- Y. R. G.,

Consta no expediente documentación do departamento de Persoal nóminas do custo do persoal do período conveniado.

Polo que, esta Alcaldía:

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación do vehículo motobomba 6766BSH, polo importe de dezanove mil cento corenta e cinco euros con noventa e tres céntimos (19.145,93 €), segundo o seguinte desglose:

NOME DO TRABALLADOR/A 1: M. R. A

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01.09.2017.

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 14.11.2017.

Mes ³	Total devengado A	SS a cargo do Concello B	Importe imputado a este convenio (A+B)
setembro	1.055,55 117,28	425,35 47,26	1.480,90 164,54
outubro	1.021,50 113,50	413,53 45,95	1.435,03 159,45
novembro	476,70 52,97	165,41 18,38	642,11 71,35
TOTAL	2.553,75 283,75	1.004,29 111,59	3.558,04 395,34

NOME DO TRABALLADOR/A 2: Y. R. G.-

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01.09.2017.

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 14.11.2017.

Mes ³	Total devengado A	SS a cargo do Concello B	Importe imputado a este convenio (A+B)
setembro	1.055,55 117,28	425,35 47,26	1.480,90 164,54
outubro	1.021,50 113,50	413,53 45,95	1.435,03 159,44
novembro	476,70 52,97	165,41 18,38	642,11 71,35
TOTAL	2.553,75 238,75	1.004,29 111,59	3.558,04 395,34

NOME DO TRABALLADOR/A 3: A. R. F

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01.09.2017.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 14.11.2017

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
setembro	1.055,55 117,28	425,35 47,26	1.480,90 164,54
outubro	1.021,50 113,50	413,53 45,95	1.435,03 159,44
novembro	476,70 52,97	165,41 18,38	642,11 71,35
TOTAL	2.553,75 283,75	1.004,29 111,59	3.558,04 395,34

NOME DO TRABALLADOR/A 1: J. F..

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01.09.2017.

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 30.11.2017.

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
setembro	1.339,74 148,86	523,28 58,14	1.863,02 207,00
outubro	1.405,84 156,20	545,42 60,60	1.951,26 216,80
novembro	1.339,74 148,86	523,28 58,14	1.863,02 207,00
TOTAL	4.085,32 453,92	1.591,98 176,88	5.677,30 630,80

NOME DO TRABALLADOR/A 1: P. C. F.-

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 14.11.2017.

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 30.11.2017.

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
novembro	632,70 70,30	247,22 27,47	879,92 97,77
TOTAL	632,70 70,30	247,22 27,47	879,92 97,77

Segundo.- Tomouse razón na contabilidade de todos os gastos que se xustifican.

Terceiro.- Deuse cumprimento á finalidade da axuda conveniada coa operatividade do vehículo do 31 de agosto de 2017 ao 30 de outubro de 2017.

Cuarto.- Declarar que non se solicitou nin foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

Concello de Cangas



Expediente 3025/2017. Aprobación acta de recepción de rozadora de mando hidráulico en material de recambio para limpapraias (subministración incluída no POS 2017-Liña 1 da Deputación Provincial de Pontevedra)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía:

"Aprobación acta de recepción de rozadora de mando hidráulico en material de recambio para limpapraias. (Subministración incluída no POS 2017-Liña 1 da Deputación Provincial de Pontevedra)

Levada a cabo a subministración co contratista 'MDC SL Ingeniería', dunha rozadora de brazo articulado con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias, non termos da oferta presentada co número OF1310 de data 30 de maio de 2017.

Vista a acta de recepción da subministración sinalada asinada por técnico municipal e contratista adxudicatario.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a acta de recepción da rozadora de brazo articulado con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias, asinada en data do 12 de xullo de 2017, pola arquitecta técnica municipal e o contratista adxudicatario.

Segundo.- Facer constar que o material a que se refire a acta de recepción causa alta no correspondente Inventario de Bens do Concello.

Terceiro.- Dar traslado do acordo que se adopte aos departamentos de Contratación, Oficina Técnica, Intervención, Subvencións e expediente de Inventario de Bens do Concello".

Expediente 4573/2017. Aprobar a xustificación das subvencións en materia de desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE PARA O ANO 2017

Con data 17.11.2017, por Resolución de Alcaldía nº 1452 aprobouse a concesión de subvencións en materia de desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017, cuxa convocatoria foi publicada no BOPPO núm. 195 de 10.10.2017.



Concello de Cangas

Presentada polos beneficiarios a documentación xustificativa pertinente.

Revisada a documentación xustificativa e constatado que as achegas foron destinadas aos fins previstos.

Vista o informe favorable de Intervención núm. 2017-0199 de 26.12.2017.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación realizada polos beneficiarios das subvencións en materia de desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017 que figuran a continuación, polo importe que se indica e para a actividade que se sinala:

Nome	Actividade	Cantidade concedida
AECC	Atención biopsicosocial	1.000,00 €
ADICAM	Traballando pola sensibilización fronte ao cancro	1.441,76 €
JUAN XXIII	Sala de esimulación	760,00 €
AIRIÑO DE ALDÁN	Excursións	1.117,65 €
VIDA DIGNA	Bolsa de alimentos/roupeiro	1.529,41 €
DOA	Cultivando saúde, horta	800,00 €
CARIDADE S.Ap	Comedor social	2.222,22 €
O Son do Pobo	Musicoterapia	400,00 €
AFAMO	Int. asistida cans	960,00 €

SEGUNDO.- Proceder ao pagamento das sinaladas cantidades con cargo á partida 231/48001 /01 do orzamento municipal.

TERCEIRO.- Notificar a ao beneficiarios o presente acordo e comunicar este a Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

Informe de Intervención Municipal de conformidade e recoñecemento de obrigas da certificación nº 2 e final da obra "Restitución de escaleiras na subida á Rúa Buenos Aires"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 22.12.2017 polo interventor municipal, no que se conclúe o seguinte:

*"*Fiscalízase de conformidade o recoñecemento de obrigas correspondente á certificación*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

segunda e final da obra "RESTITUCIÓN DE ESCALEIRAS NA SUBIDA Á RÚA BUENOS AIRES", por importe de once mil douscentos vinte e cinco euros con oitenta céntimos (11.225,80 €), por entender que de acordo coa certificación presentada a obra se executou a satisfacción da administración, sen prexuízo da necesidade de incorporar ao expediente xustificación da demora no inicio da obra".

Expediente 3782/2017. Aprobación da certificación segunda e final da obra "Restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a certificación segunda e final da obra "Restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires", por importe de once mil dosucientos vinte e cinco euros con oitenta céntimos (11.225,80 €), presentada pola empresa "Pedras de Aldán SLU", en data 1 de decembro de 2017 (Rexistro número 14042), subscritas pola directora de obra, M. I. M. F..

Vista a documentación achegada que se relaciona:

- Relación dos traballos executados ata a data.
- Importe que se acredita para aboamento.

Visto o informe favorable emitido por intervención en data 22 de decembro de 2017.

En virtude do disposto e de conformidade co establecido no Art. 216 e 232 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación n.º 2 e final da obra "Restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires", por importe de once mil dosucientos vinte e cinco euros con oitenta céntimos (11.225,80 €), presentada pola empresa "Pedras de Aldán SLU", en data 1 de decembro de 2017 (rexistro nº 14042), subscritas pola directora de obra, M. I. M. F..

SEGUNDO.- Autorizar, dispor, recoñecer a obrigaación e ordenar o pago con cargo á partida 1532/63908, do orzamento para o exercicio 2017.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao contratista.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo á Intervención e á Tesourería Municipal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850